



ESTANCIAS EN FARMACIA OU PRACTICAS TUTELADAS MATRICULA

Os planos de estudos da Licenciatura en Farmacia publicados mediante resolución rectoral do 7 de xullo de 1994 (BOE 4 de agosto) e resolución do 27 de xullo de 1999 (BOE do 21 de agosto) modificado por resolución do 9 de decembro de 1999 (BOE do 8 de xaneiro do 2000) establécen que os alumnos deberán realizar **15 créditos** troncais, por **ESTANCIAS** correspondentes a prácticas tuteladas nunha oficina de farmacia ou servizo farmacéutico hospitalario para poder acadalo título de Licenciado en Farmacia. O número total de horas para a realización das Estancias non poderá ser inferior a oitocentas horas (800 h.).

Asemade as directrices xerais dos planos de estudio conducentes á obtención do título oficial de Licenciado en Farmacia, no marco do establecido na Directiva 85/432/da Comunidade Económica Europea, establece a posibilidade de que os alumnos que teñan concluídos os estudos da Licenciatura entre os cursos 1987-1988 a 1991-92 poidan realizar estas prácticas tuteladas.

DE ACORDO CON TODO O INDICADO RESOLVO,

PRIMEIRO: Esta resolución regulamenta as estancias ou prácticas tuteladas dos alumnos da Licenciatura en farmacia e será de aplicación a partir do curso 1999/2000.

SEGUNDO: SOLICITUDE

a) Alumnos do plano renovado

Poderán solicita-las xunto coa matrícula sempre que reúnan os seguintes requisitos:

Para poder matricularse das ESTANCIAS os alumnos deberán ter superados do total do plano de estudos o seguinte número de créditos:

- 300 créditos os alumnos que están a cursa-lo plano de estudos de 1994
- 285 créditos os alumnos que cursen o plano de estudos de 1999.

b) Alumnos do plano de 1973 (Plano vello)

- Poderán solicita-la realización das Estancias os alumnos que lles falte un máximo de dúas materias para remata-los estudos e tivesen formalizado a matrícula nesas materias
- Os alumnos que finalicen a licenciatura na Convocatoria de Febreiro ou Fin de carreira do curso que andamos ou en cursos anteriores e non teñen o depósito do título feito
- Os licenciados con anterioridade o curso 1999/2000 e teñen realizado o depósito do título.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes alumnos solicitarán as estancias no impreso que lles faciliten na Secretaría da Facultade e nas datas que lles indique o Centro.

TERCEIRO.- PERÍODO DE MATRICULA

a) Alumnos do plano de estudio renovado

Os alumnos que no momento de realiza-la matrícula cumpran o requisito do punto segundo poderán formaliza-la matrícula das estancias xunto ás demais materias. O prazo para a formalización desta matrícula é o ordinario de matrícula .

Os alumnos que o final de cada conyocatoria ordinaria e extraordinaria de exames teñan superados os 300 créditos (plano de 1994) ou 285 (plano de 1999) necesarios para a matrícula das prácticas tuteladas poderán matricularse destas no prazo especial que se abrirá para eles e **que será nos 3 días seguintes á adxudicación da localidade.**

b) Alumnos do plano de estudos vello

Matricularanse no segundo cuadrimestre, **nos tres días seguintes ós da adxudicación de localidade .**

CUARTO.- MATRICULA CONDICIONADA

No caso de que o alumno teña superados o número de créditos que se determina segundo o plano de estudos que está realizando, ou se licenciase na convocatoria de Febreiro , Fin de Carreira ou setembro e aínda non estiveran entregadas tódalas actas nas Unidades de Xestión Académica, poderá admitirse a matrícula nas estancias ou prácticas tuteladas se o secretario do centro evacúa certificación conforme o alumno ten superadas as materias das que aínda non se entregaran as actas e polo tanto reúne o requisito para matricularse.

QUINTO.- DURACIÓN

A duración das ESTANCIAS será de 6 meses e un número de horas non inferior a 800 podendo realizarse dentro ou fora do período lectivo de cada ano académico.

SEXTO.- CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DE LOCALIDADE, E COMEZO DAS PRÁCTICAS

O centro, seguindo os criterios académicos que acorde a comisión correspondente, e que deberán ser públicos, convocará ós alumnos matriculados nas estancias e mais aqueles dos planos vellos que teñan solicitado a súa realización a fin de que elixan localidade, tendo preferencia para elixir o alumno coa puntuación máis alta, por esta orde:



- a) Alumnos dos planos renovados
- b) Alumnos de planos sen renovar que estean matriculados como máximo de dúas materias para remata-los estudos
- c) Os licenciados que non teñan o depósito do título feito
- d) Os demais Licenciados.

Os solicitantes do apartado b) c) e d) asignaráselles farmacia sempre e cando queden vacantes.

A comisión de selección deberá facer pública a listaxe coas localidades nas que se poden realizar as estancias así como o número de farmacias existente en cada localidade antes da elección dos alumnos.

SÉTIMO.- CUALIFICACIÓNS

Os alumnos que formalicen a matrícula das estancias no primeiro período (marzo) a cualificación das estancias reflectirase na acta da primeira convocatoria oficial das materias anuais, dese mesmo curso académico. Os alumnos que formalicen a matrícula no segundo período (Outubro, reúnen os requisitos despois dos exames de xuño de setembro) a cualificación das estancias reflectirase na acta extraordinaria de febreiro no ano académico ó que corresponda a data na que lle foi adxudicada a localidade

OITAVO.- LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

a) Alumnos dos planos renovados

Liquidarán os 15 créditos conforme ó prezo que fixa o Decreto da Xunta para os estudos experimentais dos planos renovados.

Estes alumnos gozarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

b) Alumnos do plano vello

A liquidación das Estancias farase como unha materia solta e debengarán o prezo dunha materia cuatrimestral dun curso de menos de sete materias, segundo o decreto de prezos públicos.

A estes alumnos seralles de aplicación os beneficios nos prezos públicos pola condición de bolseiros e familia numerosa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A Unidade de Xestión Académica deberá enviar á Secretaría de Farmacia, o día seguinte de finalizado o prazo de matrícula dos alumnos dos planos renovados, unha



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

listaxe cos que formalizaran matrícula nas estancias para que a Comisión de Selección do Centro proceda a súa baremación .

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O centro deberá de notificar ó Servicio de Alumnado coa debida antelación o día de Comezo das prácticas así como o de elección de localidade en cada convocatoria para a execución do procedemento de matrícula que se establece nesta resolución.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Os requisitos establecidos para os alumnos do plano de 1973 de que como máximo deberán estar matriculados de dúas materias non serán de aplicación no curso 1999/2000 permitíndose que neste curso poidan matricularse ó abeiro do establecido nas normas de xestión académica (art. 3.3). En todo caso, para o segundo período de adxudicación de prazas poderán solicitar as Estancias se reúnen os requisitos do apartado Segundo b) desta resolución.

Mentras soliciten as prácticas alumnos dos planos renovados xunto a outros do plano vello, os alumnos dos planos novos terán sempre preferencia para a adxudicación de farmacia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as resolucións rectorais do 2 de marzo de 1992 e do 25 de xaneiro de 1993 e a resolución do 8 de outubro de 1998 en todo aquilo que se opoña ó establecido nesta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2000

O VICERRECTOR DE PROFESORADO
(P.D. r.r. do 17 de febreiro de 2000)

Cástor Méndez Paz

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN, SR. SECRETARIO XERAL DA UNIVERSIDADE, SRA. DECANA DA FACULTADE DE FARMACIA SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR.XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA